

**PLENO ORDINARIO XANEIRO 2006**  
**(Previo debate en Comisión Informativa)**



Teo

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE TEO SOBRE O  
INCUMPRIMENTO DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA POR  
PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL.**

---

Antes de expoñer o obxectivo desta moción, o grupo Municipal do BNG quere manifestar que a nivel xeral, neste concello se aprecia o cumprimento da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG 14/07/83), de feito todos os documentos elaborados e destinados a informar á cidadanía (xa sexan bandos, programas de actividades culturais, etc) son elaborados en galego. A nivel oral, dáse practicamente a mesma situación. Seguramente sexa por isto polo que nos chama máis a atención o feito de que nas oficinas deste concello se expidan certificados de empadramento en castelán, sen que a persoa solicitante exprese o seu desexo de que se elabore nesa lingua ou estes teñan efectos en outra administración pública de fora da nosa comunidade autónoma.

Sabemos que este tipo de documentos son elaborados por programas informáticos dependentes da Deputación Provincial da Coruña. Postos en contacto con esta entidade, nos informaron que os seus técnicos informáticos están a enteira disposición de calquera concello que requira os seus servizos para este cometido.

**Dito isto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:**

- 1.- Demandar a alcaldía unha explicación sobre este feito.**
- 2.- Pedir a alcaldía que tome as medidas necesarias para corrixir esta práctica e traballar a prol do que marca a Lei de Normalización Lingüística, que o galego sexa a lingua oficial da administración local en todos os usos.**

En Teo, a 9 de xaneiro de 2006.

**Asdo.: Carmen Diéguez González**  
**Concelleira Grupo Municipal BNG Teo**